

Estimadas familias:

Durante as vindeiras semanas temos programado seguir repasando contidos dos temas dados en todas as áreas.

Esta semana comezamos repasando o tema 1. De todos os xeitos, aínda que cada semana se aborde un tema diferente na área de matemáticas sempre haberá exercicios que nos permitan traballar operacións básicas de cálculo e nas áreas das linguas exercicios de comprensión lectora e expresión escrita, que consideramos contidos fundamentais para a adquisición da competencia lingüística.

Intentamos que haxa variedade de formas para que os nenos/as poidan traballar segundo os recursos tecnolóxicos dos que dispoñan. Por iso, propoñemos:

- Na páxina web do centro:
  - Fichas repaso en pdf para poder imprimir ou traballar na libreta.
  - Pequeno proxecto “Caderno de viaxeiro/a”.
  - Enlaces para visualizar vídeos relacionados coas ciencias.
- Ferramenta SNAPPET.
- Ademais, a partir de agora poderemos gozar da lectura dun libro on line da editorial Xerais que nos vai permitir traballar a lingua galega.

Título do libro: Fred Quincalla o nómade do mar.

No repaso da lingua galega, dentro da páxina web, poderedes atopar unha ficha para empezar a traballar sobre o libro.

O enlace para acceder ao libro é o seguinte:

[https://issuu.com/edicionsxeraisdeg Galicia/docs/fred\\_quincalla\\_o\\_nomade\\_do\\_mar](https://issuu.com/edicionsxeraisdeg Galicia/docs/fred_quincalla_o_nomade_do_mar)

Gustaríanos recalcar que coas novas actividades: proxecto e lectura online, pretendemos continuar o repaso de forma máis lúdica e motivadora, sempre e cando sexa posible. Polo tanto, todo aquel que teña dificultades para realizalas non ten que preocuparse, pois pode traballar a partir das fichas de repaso ou da SNAPPET.

Aproveitamos para informarlles que se teñen algún problema coa SNAPPET poden comunicalo a través do chat habilitado dentro da propia ferramenta.

Calquera outra dúbida que queiran consultar poden facelo a través da mensaxería de abalar.

Despedímonos desexando que vos atopedes ben.

Unha aperta e bicos para os nenos e nenas.

Ánimo e saúde!

As titoras de 4º.